



**PROGRAMA MARCO
ELECCIONS MUNICIPAIS 2011**

LIMIAR.....	3
I. UN PAPEL ACTIVO NA CREACIÓN DE EMPREGO E NA REACTIVACIÓN DA ECONOMÍA LOCAL	5
I.1. A APOSTA POLA CREACIÓN DE EMPREGO E A FORMACIÓN DESDE OS CONCELLOS.....	6
I. 2. FOMENTO DO TECIDO PRODUTIVO LOCAL.....	8
I.3. ORDENACIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	10
II. A TRANSFORMACIÓN LOCAL: POR UN NOVO MODELO DE ADMINISTRACION LOCAL GALEGA.....	11
II. 1. A REFORMA DA ESTRUCTURA INSTITUCIONAL LOCAL.....	12
II. 2. A EXTENSIÓN DE FÓRMULAS DE COOPERACIÓN INSTITUCIONAL NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS.....	14
II. 3. A MELLORA DO FINANCIAMENTO LOCAL.....	16
III. DEMOCRACIA, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN SOCIAL NA VIDA MUNICIPAL.....	19
III.1. TRANSPARENCIA E ÉTICA NA ACTUACIÓN MUNICIPAL.....	20
III. 2. PARTICIPACIÓN SOCIAL.....	22
III. 3. MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.....	24
IV. A NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DESDE OS CONCELLOS.....	26
IV.1. LIÑAS DE ACTUACIÓN XERAIS NO ÁMBITO INTERNO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.....	28
IV.2. INCREMENTO DO USO E PRESTIXIO DO GALEGO EN DISTINTOS ÁMBITOS E SECTORES SOCIAIS.....	29
V. A POLÍTICA CULTURAL NOS CONCELLOS: O REFORZO E VALORIZACIÓN DA CONSCIENCIA NACIONAL COLECTIVA.....	32
V.1. LIÑAS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICAS NO EIDO CULTURAL.....	33
V.2. MEMORIA HISTÓRICA.....	36
VI. OS CONCELLOS COMO PIAR DO BENESTAR.....	37
VI. 1. ACTUACIÓNS SOCIAIS BÁSICAS.....	38
VI. 2. PROGRAMAS SECTORIAIS ESPECÍFICOS.....	40
VII. ORDENACION TERRITORIAL.....	42
VIII. CONCELLOS POLA SUSTENTABILIDADE.....	45
IX. CONCELLOS TRABALLANDO POLA IGUALDADE.....	53
X. A MOCIDADE NO CENTRO DAS POLÍTICAS MUNICIPAIS.....	56
XI. DEPORTE PARA TODAS E TODOS DESDE OS CONCELLOS.....	61

LIMIAR

As vindeiras eleccións locais vanse desenvolver nun contexto de crise económica motivada pola aplicación dun proxecto económico e social, o neoliberalismo, fundamentado no predominio do capital financeiro, que foi acompañado da relegación dos poderes públicos na intervención da economía, propiciando unha especulación económica sen precedentes e unha desconexión cada vez maior da economía produtiva e das necesidades reais das persoas e dos pobos.

O BNG defende un proxecto político e económico alternativo, baseado na intervención pública na economía a prol do traballo produtivo, no afortalamiento dos servizos públicos sociais como medida para corrixir as desigualdades sociais e no reforzo do autogoberno para adoptar solucións acaídas a cada pobo.

Os concellos non son alleos á crise económica, desde unha dupla dimensión. Por unha banda, desde a perspectiva das dificultades económicas que atravesan como institucións, e con iso, da redución da súa capacidade á hora de ofrecer solucións ás súas veciñas e aos seus veciños. Por outra banda, desde a óptica das crecentes dificultades coas que se enfrontan cada día máis persoas e empresas en cada concello, tendo necesidade de achegar, desde o ámbito municipal, iniciativa e apoio para axudar a superar a crise.

O presente programa marco presenta os eixos básicos da actuación do BNG nos concellos do país, que desta volta, alén de conter a formulación da liña de actuación a través da cal se verificará e visualizará o noso proxecto político, constitúen a plasmación da nosa alternativa política e económica para superarmos a crise a través da actuación desde os concellos, dadas as funcións e competencias que teñen atribuídas en diversos eidos.

A utilidade de actuar en todos os ámbitos institucionais nunha mesma dirección, a través dunha alternativa comprometida socialmente fronte ao modelo económico e político imperante, fai máis necesario que o proxecto político do BNG avance, que poida sumar cada vez máis representación e responsabilidades institucionais nos concellos do país, como antídoto fronte á crise, como garante da mellora dos servizos públicos básicos para toda a cidadanía, e como contribución ao proxecto de construción da nación galega.

I. UN PAPEL ACTIVO NA CREACIÓN DE EMPREGO E NA REACTIVACIÓN DA ECONOMÍA LOCAL

No contexto actual de estancamento económico, é imprescindible unha implicación dos concellos na redefinición do modelo produtivo, avanzando cara un novo modelo económico global que recupere o dinamismo da actividade económica e o emprego.

O desenvolvemento económico local será unha prioridade nas institucións locais onde governe o BNG, partindo para iso dunha análise rigorosa da situación do tecido económico local e das condicións específicas existentes, co obxectivo final da consolidación e a transformación do sistema produtivo local para atinxir maiores niveis de emprego.

Os concellos teñen unha importante función nesta área, implementando liñas políticas de actuación, ben directa, na creación e fomento de tecido produtivo local, ou ben indirecta, orientadas a resolver problemas estruturais como a mellora dos transportes e as comunicacións, a dotación de solo empresarial e de centros de formación ocupacional, mellorando a cualificación da forza de traballo e impulsando a difusión da cultura empresarial, a información técnica ou a mellora da capacidade empresarial.

I.1. A APOSTA POLA CREACIÓN DE EMPREGO E A FORMACIÓN DESDE OS CONCELLOS

Os concellos exercen competencias en materia de promoción do emprego e a formación, en colaboración con outras administracións. O BNG apostará para que, ante unha situación de crise como a que estamos a vivir e que se manifesta especialmente no elevado desemprego, os concellos xoguen un papel máis activo na procura de novos nichos de emprego, na axeitada xestión dos fondos destinados á formación de traballadores e traballadoras, e mesmo na creación de emprego público vinculado a servizos básicos para a poboación:

- Reclamar a supresión da limitación á creación de emprego público destinado á creación, reforzo e ampliación de servizos públicos locais.
- Apostar pola creación de emprego en servizos públicos locais, situándoo en niveis similares á media dos Estados do entorno europeo, como vía para crear emprego estábel e dirixido aos sectores de poboación que presentan taxas máis altas de desemprego (mulleres, mozas e mozos)
- Creación, apoio e mantemento do emprego autónomo ou en cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais; así como a difusión e fomento do cooperativismo e da economía social como vías para procurar unha ocupación laboral.
- Promoción do emprego para traballadores/as diminuídos/as.
- Integración laboral dos emigrantes retornados.

- Formación profesional ocupacional dos traballadores desocupados en centros colaboradores e na formación de demandantes de primeiro emprego sen titulación.
- Programación de escolas obradoiro e casas de oficio, onde se desenvolvan e potencien iniciativas locais de emprego, así como de centros especiais de emprego para a inserción laboral de persoas diminuídas.
- Intensificar a colaboración cos servizos públicos de emprego para canalizar axudas para a contratación de desempregados polas corporacións locais ou en empresas que colaboran cos concellos.
- Promoción de convenios coas empresas locais para a mellora da ocupación laboral a través da concertación coas asociacións empresariais.
- Potenciamento das feiras tradicionais, como elementos dinamizadores da vida económica dos concellos.
- Avaliación, nos procedementos de contratación administrativa dos concellos, para a selección da mellor oferta, alén dos criterios económicos, tamén outros criterios relativos ao emprego (estabilidade laboral das empresas ofertantes, creación de postos de emprego estábel relacionados coa obra ou servizo contratado, contribución no acceso ao emprego de persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos).

I. 2. FOMENTO DO TECIDO PRODUTIVO LOCAL

Entre as liñas de actuación directa por parte dos concellos, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Creación de sementeiras de empresas, mediante a oferta municipal de locais adecuados, de baixa renda, por un tempo determinado, até que se consolide a iniciativa ou amose a súa inviabilidade.
- Recuperación da artesanía, potenciada a través das escolas-obradoiro e casas de oficio. Prestación de servizos aos artesáns sobre novas tecnoloxías e materiais.
- Mellora dos equipamentos sociais así como das actividades de hostalaría e das infraestruturas turísticas (albergues, áreas de recreo, casas de cultura, sinalización de roteiros, rehabilitación do conxunto etnográfico), elevando a calidade residencial dos municipios.
- Aproveitamento do patrimonio arquitectónico en desuso.
- Aplicar plans coordinados de promoción do turismo e do comercio local, a fin de estimular a actividade comercial das zonas tradicionais das cidades, vilas e pequenos concellos.
- Estabelecemento de instrumentos de colaboración estábel entre os concellos e as comunidades de montes veciñais, co obxectivo dunha utilización forestal sustentábel do monte, proxectos alternativos de gandaría, aproveitamentos cinexéticos, ou acrecentar o seu valor económico impedindo a súa degradación.
- Participación activa na execución de Programas de desenvolvemento e diversificación rural, aplicando o enfoque “de abaixo-arriba”, impulsando a industria agroalimentaria local a partir da transformación dos recursos

primarios propios de cada concello, do comercio e do turismo, ofrecendo novas posibilidades para o xurdimento de iniciativas que incidan positivamente no entorno natural e sexan compatíbeis coa cultura e costumes locais, segundo as circunstancias específicas de cada espazo local.

- Impulso ao dimensionamento das empresas ligadas á divulgación da lingua e cultura nacionais, reservando dentro dos orzamentos de cultura e festas de cada concello unha parte importante para eventos producidos por empresas de servizos culturais galegas co obxectivo de afianzar esta industria cultural.

I.3. ORDENACIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Desde a perspectiva de estimular a actividade económica, incidindo na mellora das estruturas que sustentan a actividade, acometerase:

- A posta en práctica dunha política de solo empresarial en función da demanda real e orientada a corrixir tanto as deficiencias dos polígonos existentes como as consecuencias urbanísticas da desarticulación do tecido empresarial, para revalorizar o espazo e acadar melloras na:

- Accesibilidade ás redes de transporte e comunicación.
- Calidade ambiental como factor de atracción diferencial.
- Integración efectiva das unidades produtivas e dos servizos produtivos para crear efectos sinérxicos no interior e no entorno.
- Ordenación interna: dotación de infraestruturas (viarias, enerxía e auga, saneamento e depuración, redes de telecomunicacións de banda larga), equipamentos e servizos básicos (limpeza, correos, hostalaría, transporte ou avanzados (xurídicos, financeiros, comerciais, técnicos), imprescindíbeis para o funcionamento do parque empresarial.

- Rehabilitación de zonas que impulsen o comercio e hostalaría locais.

- Recuperación medio ambiental dos espazos degradados reconverténdoos en espazos públicos preparados para a realización de actividades económicas.

- Avanzar na execución do saneamento integral das rías e da planificación racional dos seus usos.

II. A TRANSFORMACIÓN LOCAL: POR UN NOVO MODELO DE ADMINISTRACION LOCAL GALEGA

A crise económica tamén azouta aos concellos. A insuficiencia crónica de recursos económicos dos concellos para atender servizos públicos véñse agravando nos últimos dous anos, sendo imprescindible abordala desde unha dupla perspectiva:

- a) racionalizando o aparello burocrático local, apostando por outro modelo de administración local en base a un novo mapa de entes locais que prescindira das deputacións provinciais e avance na mancomunización de servizos locais.

- b) afrontando un novo modelo de financiamento local que asegure a suficiencia de recursos dun xeito dinámico.

II. 1. A REFORMA DA ESTRUTURA INSTITUCIONAL LOCAL

A vixente organización territorial e institucional dos entes locais no Estado español, froito dun proceso histórico iniciado e desenvolvido fundamentalmente ao longo do século XIX, caracterízase pola uniformidade e pola dependencia do poder central.

Malia a implantación dun marco institucional baseado na repartición competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas, apenas se ten variado o esquema de organización territorial provincial e municipal, nin desde a perspectiva da súa función política, nin da súa racionalidade e eficacia administrativa, nin tampouco da súa adecuación á realidade de cada territorio.

A disfunción máis evidente é o mantemento da organización institucional provincial, cuxo único propósito inicial foi o de asegurar unha aplicación homoxénea da acción política do poder central, mais que desde os seus comezos supuxo unha inserción artificial no territorio, desaproveitando a oportunidade de que outras realidades territoriais que presentan unha maior cohesión, como é o caso das comarcas, fosen o marco de referencia para unha organización territorial do poder local máis coherente.

O BNG avogará por abordar, desde a perspectiva galega, unha ambiciosa reforma da estrutura institucional local, axuntando racionalidade e austeridade de gasto público, encamiñada a configurar un novo mapa institucional local que adecúe os entes locais á nosa realidade e permita superar a actual delimitación provincial e ás propias Deputacións Provinciais, consonte os seguintes criterios:

- Impulso á reforma da lexislación básica en materia de réxime local, de xeito que resida no Parlamento Galego a capacidade plena sobre o deseño institucional e administrativo das entidades locais de Galiza.

- Instauración progresiva dun novo esquema institucional local que supoña unha redución das estruturas burocráticas, que conterá os seguintes fitos:
 - Redución das atribucións e funcións das Deputacións Provinciais, mantendo -entanto non se aborde a necesaria reforma constitucional- exclusivamente as relacionadas coa asistencia a municipios.
 - Traspaso das funcións e servizos das corporacións provinciais á Administración galega e aos concellos.
 - Asunción pola Xunta de Galiza das actuacións englobadas nos Plans Provinciais, integrándoos nun único Plan Galego de Cooperación Local, cuxa aplicación e distribución de recursos será pactada cos concellos dun xeito equitativo e apartidario.
 - Institucionalización definitiva das comarcas como entes supramunicipais para asumir a xestión comarcal das competencias das Deputacións Provinciais.
 - Pulo ás áreas metropolitanas nas zonas de aglomeración urbana para asumir a xestión conxunta de servizos e incentivar a cooperación en temas de interese supramunicipal.

II. 2. A EXTENSIÓN DE FÓRMULAS DE COOPERACIÓN INSTITUCIONAL NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

A extensión na prestación de servizos básicos no eido local é un proceso non exento de adversidades. A determinación dos concellos como administracións encargadas de xestionar e prestar servizos públicos non foi acompañada en moitas ocasións dun proceso de planificación e dotación de recursos, o que fai que a súa evolución se torne sumamente irregular, en canto ás condicións de acceso e prestación dos servizos, que varían en función do concello dun xeito relevante en moitas ocasións, e tamén no financiamento, moitas veces suxeito a subvencións outorgadas discrecionalmente pola administración que debe coordinar a axeitada prestación do servizo.

Nos últimos anos déronse algúns pasos cara esta formulación de cooperación institucional a través de entidades asociativas ou consorciadas, participadas tanto pola Administración galega como polos concellos, para a xestión de servizos públicos locais. Así, aglutínanse baixo unha dirección colexiada na que participan todas as administracións competentes a coordinación e xestión dos servizos, que permiten ademais unha extensión homoxénea de servizos públicos en todo o territorio consonte unha previa planificación que combina a visión local coa necesaria concepción integral de país.

A implantación dun novo mapa administrativo ha de perseguir como obxectivo final a mellora do grado de eficacia e eficiencia de todos os niveis administrativos, o que incita a intensificar as fórmulas de colaboración institucional. O éxito na transformación do mapa administrativo a fin de que redunde nunha mellora no benestar e calidade de vida que as administracións proporcionan ás galegos e galegas por medio da actividade prestacional virá en boa medida do afianzamento da cooperación institucional no eido local.

Para iso, o BNG avogará por incentivar, de xeito parello á reforma do mapa local:

- As fórmulas de cooperación entre a Xunta de Galiza e os concellos co obxectivo de garantir a prestación dun mínimo de servizos públicos comúns homoxéneos en todo o territorio galego, e de realizar un aproveitamento e administración máis eficaz dos recursos públicos.
- Que na promulgación de lexislación sectorial que desenvolva as competencias locais se definan claramente os instrumentos para a prestación dos servizos, fomentando a creación de entidades de ámbito comarcal e metropolitano para a prestación de servizos públicos básicos.
- A aposta pola colaboración e cooperación entre concellos da mesma área xeográfica para a prestación de servizos locais de forma mancomunada ou consorciada, para a programación conxunta da oferta cultural e deportiva municipal, co obxectivo de aforrar custos e crear as sinerxias positivas que vaian afianzando un marco político-institucional de ámbito comarcal.
- A garantía de financiamento planificado, plurianual e estábel con vistas á extensión das asociacións, consorcios e mancomunidades municipais que dean o paso cara a xestión conxunta de servizos públicos en ámbitos comarcais ou metropolitanos.

II. 3. A MELLORA DO FINANCIAMENTO LOCAL

O actual modelo de financiamento local non garante a suficiencia de recursos económicos aos concellos, tendo en moitos casos dificultades para atender os servizos públicos.

Nun contexto de crise económica, o mantemento do investimento social debe ser unha prioridade a fin de evitar o medre das desigualdades sociais, polo que terá preferencia dotar dun marco de financiamento estábel aos concellos con fin de asegurar a calidade na prestación de servizos públicos básicos no eido local.

A insuficiencia crónica que caracteriza o actual sistema de financiamento local vese agravada pola menor recadación, derivada, dunha banda, da caída pola participación nos ingresos do Estado, e doutra banda, a queda na actividade da construción, coa que obtiñan unha parte importante de ingresos ao ser unha actividade económica local sobre a que podían exercer unha acción recadatoria con autonomía. Asemade, a supeditación na xestión das finanzas locais ao dogma de contención rigorosa do déficit público, en aplicación do “Pacto de Estabilidade”, sacrifica a capacidade de endebedamento dos entes locais, incluso cando é destinado a obter recursos para investimento produtivo e social.

Así mesmo, o sistema impositivo local configúrase como un marco pouco flexíbel que apenas outorga autonomía para adoptar unha política tributaria a cada concello, que presenta un reparto pouco equitativo da carga fiscal.

En suma, o vixente sistema de financiamento local é pouco equitativo, ríxido, insuficiente, alén de ser regresivo ao fundamentarse nun modelo fiscal inxusto. A súa reforma pasa pola adecuación das bases á actividade económica actual, pola súa integración no ámbito galego e a introdución de criterios que teñan en conta a realidade galega no reparto dos ingresos

tributarios do Estado, e por procurar un financiamento máis independente para todos os concellos, nomeadamente, para os máis pequenos.

O BNG considera necesario abordar a reforma en base aos seguintes eixos:

- A reforma do sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE):
 - Integrar o financiamento dos entes locais nos orzamentos da Xunta de Galiza, permitindo unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega.
 - Incorporar como criterios para o reparto, alén dos existentes (poboación, esforzo fiscal e capacidade tributaria), outros que recollan o maior custe dos servizos derivado da superficie, a dispersión territorial e do avellentamento poboacional.
 - Estabelecer nos orzamentos xerais do Estado compensacións aos concellos polos beneficios fiscais concedidos á Igrexa Católica, bens afectos á Defensa, infraestruturas explotadas en réxime de concesión e outros análogos.

- Promover a aprobación dunha Lei Galega de Facendas Locais, que constitúa o marco de referencia do financiamento municipal en Galiza:
 - Ampliación do Fondo de Cooperación Local, onde se aglutinarán: os recursos procedentes da transferencia da PIE, os fondos da Xunta de Galiza do actual Fondo de Cooperación Local así como do Fondo Extraordinario creado en 2010, e tamén os fondos que se destinan a subvencións das entidades locais que teñen natureza anual e recorrente pola contribución ao financiamento de servizos públicos locais, co fin de axilizar a transferencia incondicionada de recursos en base a un reparto con criterios obxectivos que erradique e o clientelismo.
 - Abordar unha fórmula de Participación dos concellos nos ingresos da Xunta de Galiza, en base aos tributos de carácter local, que sería distribuído entre os concellos galegos conforme a criterios obxectivos.

- Unha nova fiscalidade local máis progresiva, onde a regulación dos tributos locais se efectúe baixo a premisa de autonomía local, progresividade e equidade, que permita en todo o caso ter en conta á hora de establecer o gravame dos diferentes impostos locais a capacidade de renda dos suxeitos tributarios. En particular, promoveranse as seguintes medidas:

- A inclusión da posibilidade de establecer gravames máis elevados no Imposto sobre Bens Inmóbeis (IBI) cando o suxeito pasivo sexa posuídor de grandes patrimonios.
- A transferencia de competencias sobre xestión catastral á Comunidade Autónoma, acompañada do establecemento de convenios para que os concellos podan xestionar os cambios de dominio e os cambios físicos, así como ter participación efectiva nos relatorios de valores.
- A transferencia aos concellos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais, no que atinxe ás entregas de terreos e segundas e posteriores edificacións, para complementar o circuíto da imposición inmobiliaria e mellorar a xestión.
- A conversión do Imposto que grava o incremento de valor dos terreos de natureza urbana nun recargo do imposto sobre transmisións patrimoniais, de tal xeito que a súa exacción sexa conxunta e se eliminen trámites aos contribuíntes, e a súa recadación sexa distribuída pola Xunta aos concellos.
- Considerar, no establecemento das taxas, ademais do custe do servizo, outros criterios de equidade, de tal xeito que na súa contía se teña en conta a capacidade económica dos usuarios e usuarias do ben ou servizo.
- Reclamar unha solución normativa á tributación local, para participar, ademais de nas taxas xa previstas por ocupación de dominio público local, nas relativas a outros dominios públicos xestionadas polo Estado (espazo radioeléctrico) e tamén nas que atinxen á ocupación de vía pública (caixeiros automáticos) por parte de empresas privadas.

III. DEMOCRACIA, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN SOCIAL NA VIDA MUNICIPAL

A asunción por parte do BNG de responsabilidades de goberno imprimiu un carácter máis democrático e participativo a vida municipal, tanto na faceta interna como nas relacións coa cidadanía.

A rexeneración democrática veu da man da erradicación de prácticas clientelares e caciquís, do desterramento do autoritarismos e a prepotencia, e a garantía dun trato igualitario e sen privilexios para todas as persoas. Alén diso, o BNG enarborou a bandeira do diálogo, o consenso cos axentes sociais e entidades representativas a prol da posta en marcha de iniciativas de interese para os concellos.

Unha situación ben distinta acontece cando o BNG non ten influencia de Goberno, sexan concellos ou deputacións provinciais, onde aínda trunfa a xestión autoritaria e escurantista. Sob o obxectivo de avanzar no proceso de espallamento de democratización e rexeneración da vida municipal, o BNG afondará na transparencia da actuación administrativa e política das entidades locais, no establecemento de canles de participación social, na progresiva participación veciñal na elaboración do orzamento municipal e na modernización administrativa local.

III.1. TRANSPARENCIA E ÉTICA NA ACTUACIÓN MUNICIPAL

O BNG é garantía de gobernos municipais e cargos públicos comprometidos na súa acción política co interese público, en ningún caso favorecedor de intereses particulares nin defensor a nivel local de grupos de presión que perseguen exclusivamente un beneficio particular.

A experiencia do BNG en responsabilidades de goberno municipal dá boa conta do compromiso coa rexeneración democrática da política, de exercer a política local consonte valores e principios democráticos e non en función da devoción e obrigación a escuros poderes fácticos.

O BNG mantén o seu compromiso co “Pacto Antitransfuguismo” como garantía de vinculación dos cargos públicos co seu electorado e de erradicación da corrupción na política local, evitando que os representantes públicos locais se erixan como moeda de cambio ante intereses privados, e como compromiso de exercicio da política con dignidade e lealdade á cidadanía no seu conxunto e ao interese xeral.

En xeral, o BNG impulsará a transparencia no actuar en cada concello, implementando as medidas xa adoptadas na administración galega a todas a entidades locais once governe.

- Dispor duna páxina web institucional accesíbel onde se publiquen todos os procesos de selección de persoal, a contratación pública, as axudas e subvencións, así como as remuneracións dos cargos públicos.
- Publicar os acordos relevantes adoptados polos órganos das corporacións locais dun xeito áxil na web institucional.

- Mellorar os sistemas de información e asesoramento municipal, tanto de carácter interno (sobre servizos e procedementos municipais), como externo (relacionados cos servizos e procesos doutras administracións), e dun xeito particular, potenciando, ou no seu caso implantando, oficinas que atendan os asuntos relativos aos dereitos dos consumidores e usuarios.
- Garantir a equidade e transparencia no acceso ao emprego público local, tanto na administración local como nas entidades dependentes da mesma (empresas públicas, fundacións), onde se terán en conta os méritos e capacidade dos/as aspirantes, e primarase o carácter profesional da selección.
- Garantir a transparencia e a equidade en todos os concursos públicos e en todas as contratacións de obras ou servizos a cargo da Administración Local.
- Establecemento de bases reguladoras con criterios obxectivos e regrados que rexan as políticas de axudas e subvencións que aseguren unha concorrencia igualitaria, que erradique toda discrecionalidade.
- Garantir o labor fiscalizador e de control do Pleno da Corporación, poñendo a disposición dos grupos da oposición os medios materiais e técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

III. 2. PARTICIPACIÓN SOCIAL

A participación social é o alicerce da política municipal do BNG, como medio para facer a acción de goberno o máis acaída posíbel ás demandas e necesidades da cidadanía e, ao mesmo tempo, acadar o apoio social necesario para a súa realización. Xa que logo, o BNG non limitará a participación social á consulta previa sobre os proxectos municipais, senón que procurará implicar no posíbel aos colectivos sociais interesados na súa elaboración e execución, a través dos mecanismos máis idóneos en cada caso.

O BNG, consonte a súa acreditada traxectoria, seguirá a institucionalizar en todos os concellos a participación social, creando e pondo en marcha normas e órganos que garantan o dereito das veciñas e veciños a intervir nos asuntos que sexan do seu interese, individualmente ou a través de entidades representativas.

Para o BNG a participación social non é simplemente un lema, senón que vai máis alá e contribúe a afortalar o movemento social organizado, aumentar a conciencia e a corresponsabilidade da sociedade a través da súa participación na toma de decisións, e en suma, democratiza a vida municipal, convertendo aos concellos nunha institución ao servizo da cidadanía.

Por iso, é compromiso do BNG promover os mecanismos contemplados na lexislación vixente, e outros que os complementen, co obxectivo de institucionalizar a participación social na vida municipal:

- Establecemento dun Rexistro Municipal de Asociacións, como instrumento para o recoñecemento e verificación da representatividade das entidades sociais que participan no ámbito do Concello, que

permitirá designar interlocutores, conceder axudas con criterios máis obxectivos e, en suma, aplicar unha política non clientelar nin arbitraria.

- Aprobación dun Regulamento Orgánico Municipal que estimule e facilite o acceso á información municipal e a participación dos veciños e veciñas nos órganos municipais, nomeadamente o Pleno.
- Afondará na progresiva participación veciñal na elaboración do orzamento municipal como modelo de xestión pública onde a cidadanía participa de maneira directa e voluntaria na asignación dos recursos económicos municipais e na transparencia no destino do gasto público.
- Impulsará o movemento asociativo, apoiando o afortalamento das organizacións sociais e o aumento da súa representatividade, como vía para avanzar nunha acción de goberno realmente transformadora das condicións de vida dos cidadáns e cidadás.
- Crearanse, en cada concello, os instrumentos e órganos de participación máis acaídos, tanto a nivel territorial como sectorial, asignándolles competencias claras e co compromiso de ter en consideración as recomendacións e suxestións acordadas no seu seo.
- Procurarase a colaboración co tecido asociativo no mantemento e xestión de espazos e locais públicos, cando sexa posíbel.
- Trasladaranse publicamente os proxectos de obras públicas á veciñanza afectada, de xeito que teñan coñecemento efectivo das súas características así como do seu cronograma de execución, garantindo dese xeito a participación veciñal para minimizar as molestias derivadas da realización das obras e optimizar o resultado final.

III. 3. MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Parelo ao avance na rexeneración democrática dos concellos, cómpre afrontar un proceso de modernización da administración local, que facilite aínda máis a participación e afortale a transparencia. Asemade, considerando a función que os concellos exercen de xestores de recursos públicos, o BNG comprométese a unha continua dación de contas ante a cidadanía dos resultados da xestión municipal e a para iso, a un sometemento da mesma a un proceso de avaliación continua.

Así mesmo, será obxectivo do BNG modernizar a administración, para o que pulará por configurar unha administración achegada á cidadanía, dinámica, flexíbel, accesíbel e que ofrezca servizos de calidade, aproveitando as tecnoloxías da información e comunicación. A tal fin, o BNG defenderá nos concellos:

- A implementación da e-administración e da tramitación electrónica con vistas a atinxir o obxectivo de “papel cero” na administración local.
- A posta en marcha de páxinas webs institucionais que incorporen portelos electrónicos que permitan ir incorporando trámites por vía electrónica, evitando así desprazamentos ás dependencias municipais e faciliten a realización de xestións e trámites as 24 horas durante os 7 días á semana.
- A paulatina integración de bases de datos municipais e o acceso ás doutras administracións a fin de evitar a continua presentación de documentación por parte dos interesados.
- Implantación progresiva de software libre e estándares abertos nos sistemas informáticos municipais.
- A elaboración dun plano marco de mellora da calidade administrativa e dos servizos locais que defina as liñas estratéxicas, obxectivos e medidas

para optimizar os niveis de prestación de servizos e atinxir maiores cotas de calidade no actuar das administracións locais.

- A posta a disposición da cidadanía de cartas de servizo, nas que se informe dos servizos que se prestan, dos compromisos na prestación, dos trámites básicos de cada procedemento administrativo municipal, así como dos dereitos dos usuarios/as e veciños/as en relacións con eles.
- A reorganización interna da administración local baixo os principios de eficacia, eficiencia e austeridade.
- A simplificación dos sistemas de traballo e dos seus procedementos para facelos áxiles e adecuados á demanda que deben satisfacer. En especial, farase unha revisión dos procedementos de outorgamento de licenzas e autorizacións polo de comunicacións previas que habiliten o exercicio de actividades.
- A inclusión de cláusulas sociais na contratación administrativa de determinados servizos ou obras, dando preferencia a entidades sen ánimo de lucro para favorecer a integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social.
- Creación dun espazo web municipal para a mocidade, de fácil acceso e onde esta poida participar, crear e informarse que conste dun banco de recursos onde se recollan, entre outras, ligazóns aos centros educativos, materiais didácticos, á axenda cultural municipal, transporte ou bolsas.

IV. A NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DESDE OS CONCELLOS

A normalización da lingua galega será un obxectivo preferente, transversal e central da acción do BNG nos concellos, e procurarase de xeito activo, dinámico, participativo e integrador.

A política de normalización social da lingua galega terá carácter transversal, o que significa que non só se desenvolverán accións normalizadoras dirixidas a todos os ámbitos, senón que se procurará o incremento do uso e prestixio da lingua galega con todas as accións desenvolvidas desde os diferentes ámbitos e sectores (promoción económica, urbanismo, cultura, ensino, mocidade, contratacións, subvencións).

A acción política do BNG terá un obxectivo preferente de procurar a normalización lingüística en todos os ámbitos, e desenvolverá as seguintes medidas e liñas de actuación de carácter estrutural:

- Creación ou reforzamento dunha área política específica para a coordinación, planificación e desenvolvemento da política lingüística municipal.
- Creación ou reforzamento, de ser o caso, dun servizo de normalización lingüística estábel e dotado de medios materiais, humanos e económicos suficientes. Este departamento técnico será o encargado de planificar, xestionar, desenvolver e avaliar as accións de cara ao incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos, e tamén participará no deseño de todo tipo de accións que se desenvolvan desde as diferentes áreas do concello para determinar nelas obxectivos e medidas normalizadoras.

- Constitución ou reforzamento dun Consello Social da Lingua no que se impliquen os distintos colectivos, entidades e persoas interesadas no deseño e aplicación da política de normalización da lingua galega e no que se definan conxuntamente obxectivos, liñas de actuación e accións concretas.
- Aprobación ou actualización, de ser o caso, dunha ordenanza para o impulso do uso do galego, onde se establecerán os obxectivos normalizadores básicos do concello, se regularán os usos lingüísticos da administración e se fixarán as medidas básicas para a procura do incremento do uso e prestixio do galego desde o concello.
- Aprobación dun plan de normalización da lingua no que se definan obxectivos xerais e específicos por ámbitos, medidas para desenvolver, recursos necesarios, prazos de execución e criterios de avaliación.
- Coordinación e colaboración entre os concellos para desenvolver accións normalizadoras conxuntas tanto a nivel comarcal como nacional.
- Establecemento dunha partida específica para as accións de normalización lingüística no orzamento municipal.

IV.1. LIÑAS DE ACTUACIÓN XERAIS NO ÁMBITO INTERNO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

O galego será a lingua de uso normal en toda a documentación administrativa, rotulación, publicidade, comunicación, información, sinalización, programas informáticos, así como na atención ao público, tanto oral coma escrita, en todos os servizos municipais. Alén deste principio xeral de actuación, complementarase as seguintes medidas para normalizar o uso da lingua galega no ámbito interno dos concellos:

- Nos procesos selectivos de persoal do concello requirirase un dominio oral e escrito da lingua galega acorde coas necesidades do posto, que deberá ser demostrado no propio proceso selectivo.
- Desenvolveranse accións de promoción e de formación continua para mellorar o uso da nosa lingua, de forma oral e escrita, por parte de todo o persoal ao servizo do concello.
- Xeneralizarase o uso do galego na información, nos programas e na publicidade das emisoras de radio, das televisións locais e do resto de canais de comunicación.
- Solicitarase que, nos servizos que o concello encargue a terceiros, sexan prestados en galego (empresas de xestión, redacción de proxectos ou plans, seguridade, mantementos, contratación ou desenvolvemento de programas informáticos).
- Outorgarase preferencia, nas compras e subministros, a aqueles produtos que existan en galego (programas e equipos informáticos e electrónicos, produtos alimentarios, medios de comunicación, subministracións de todo tipo).
- Procurase un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora, derivado dos convenios, axudas públicas e contratos, articulados ou convocados polo concello, e avaliarase o seu cumprimento que será tida en conta en futuras convocatorias.

IV.2. INCREMENTO DO USO E PRESTIXIO DO GALEGO EN DISTINTOS ÁMBITOS E SECTORES SOCIAIS

Desde os concellos, o BNG tamén incidirá en aumentar o prestixio e uso social da lingua galega en todos os ámbitos e sectores sociais, implementando as seguintes medidas:

- Promoverase o uso do galego nas novas tecnoloxías e difundirase a existencia de todo tipo de produtos e servizos en galego relacionados coas novas tecnoloxías (sitios web, produtos e programas informáticos e tecnolóxicos, videoxogos).
- Procurarase a oferta dun ensino infantil de 0 a 3 anos en galego e de calidade a través das escolas públicas de titularidade municipal ou nas que ten participación o concello. Tamén se apoiará o uso do galego nas escolas infantís privadas.
- Colaborarase cos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros de ensino nas súas accións de promoción da lingua galega no ámbito escolar e, ademais, procurarase sempre fins normalizadores nas actividades extraescolares que se ofrezan desde o concello.
- Desenvolveranse campañas atractivas para a incentivación do uso do galego por parte da mocidade adaptadas aos seus espazos, linguaxes e intereses, e programarase unha oferta de ocio en galego, atractiva e de calidade axeitada para a mocidade.
- Realizaranse accións divulgativas para fomentar o uso do galego nas relacións comerciais e súa utilidade para identificar os produtos e servizos das empresas como máis próximos e de maior calidade, así como para fomentar nos/nas consumidores/as o hábito de usaren e reclamaren produtos, servizos e atención en galego.
- Apoiaranse, incentivaranse e difundiranse aquelas empresas que destaquen polo uso da lingua galega.
- Garantirase que todos os indicadores e sinalizadores de rúas, prazas, parroquias, lugares, vilas, sinais de tráfico ou avisos na rúa que dependan

do concello, estean en galego, e solicitarase a corrección e cambio de todos aqueles que non estean en galego e dependan doutras administracións.

- Orientarase o apoio á creación e difusión cultural cun claro fin normalizador, tanto por apoiar a creación na nosa lingua como por desenvolver unha política cultural activa de difusión e acceso ás creacións en galego nos ámbitos da música, o audiovisual, a literatura e o teatro.
- Apoiaranse os medios de comunicación en galego e contribuirase á súa difusión facendo que estean dispoñíbeis nos edificios públicos, centros sociais, bibliotecas. Ao tempo, solicitarase de todos os medios de comunicación que as informacións derivadas das conferencias de prensa, entrevistas, declaracións, notas de prensa, relacionadas co concello, se transmitan sempre respectando o uso da lingua galega.
- Valorarase o emprego da lingua galega no apoio ás asociacións de todo tipo (deportivas, culturais, xuvenís, empresariais, relixiosas, de veciños/as), co fin de procurar o incremento do seu uso en todas as actividades desas asociacións.
- Colaborarase conxuntamente con aquelas asociacións que teñan entre os seus fins a defensa e promoción da lingua galega.
- Procurarase crear espazos lúdicos na nosa lingua, difundirse a oferta de lecer existente en galego e procurarase sempre transmitir mensaxes positivas de cara ao uso da lingua galega a través de todas as actividades para o tempo libre ofertadas desde o concello (campamentos, xogos, espazos de ocio municipais, etc.).
- Visibilizarse a lingua galega nas accións de difusión enfocadas ao turismo e salientarase como un valor identitario e como un importante atractivo do noso país, que contribúe, ademais, a termos un mundo heteroxéneo e plural, multilingüe e multicultural.
- Utilizarase o galego como lingua de uso normal para a difusión, publicidade, comunicación e desenvolvemento nas festas de todo tipo que se organicen ou apoien desde o concello. Ademais, incentivarase que sirvan para difundir a música e a oferta festiva que existe na nosa lingua e,

en todo caso, velarase para que, a través delas, se transmitan valores positivos para o uso do galego.

- Procurarase unha especial relación e colaboración co ámbito lusófono en todos os sectores (cultural, asociativo, económico, deportivo), e contribuírase de xeito especial a amosar e difundir as creacións musicais, literarias, teatrais, audiovisuais dos países de lingua galego-portuguesa a través das programacións culturais municipais.
- Facilitarase a incorporación da poboación inmigrante á lingua propia de Galiza, achegándolle para isto unha oferta formativa en lingua que sexa atractiva, gratuíta, útil e de calidade.

V. A POLÍTICA CULTURAL NOS CONCELLOS: O REFORZO E VALORIZACIÓN DA CONSCIENCIA NACIONAL COLECTIVA

O BNG considera que unha política cultural verdadeiramente enraizada no país contribúe de xeito crucial ao noso autoconhecimento e autovaloración como pobo, que son bases esenciais para o desenvolvemento económico. Por iso, nun contexto de crise económica, o BNG non se deixará arrastrar por unha política de recortes orzamentarios especialmente centrados no ámbito da actuación cultural.

Os principios que inspirarán a política municipal do BNG no ámbito da cultura serán:

- Entender a política cultural como unha actividade inserida na nosa realidade social e lingüística, cuxo obxectivo principal debe ser a afirmación e o afortalamiento da nosa identidade como nación.
- Concibir a política cultural municipal non só como un labor de difusión, mais como un conxunto no que debe ter cabida o apoio á creación, á produción propia, á investigación e ao asociacionismo cultural.
- Dotar de rendibilidade social ao traballo cultural e pór en valor as diferentes manifestacións culturais
- Respalda a acción sociocultural desde a base.
- Democratizar o acceso á cultura, partindo da súa natureza como un dereito, propiciando unha oferta cultural ampla e con vocación maioritaria.
- Promover a participación activa dos e das cidadás no labor cultural.
- Comprender a acción cultural de xeito relacional, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de programas culturais conxuntos con outras áreas da política municipal (lingua, ensino, benestar social, igualdade, medio ambiente).
- Promover dinámicas de traballo e de elaboración de materiais que faciliten a incorporación da realidade cultural e patrimonial de cada concello aos centros de ensino correspondentes.

V.1. LIÑAS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICAS NO EIDO CULTURAL

V.1.1. ASOCIACIONISMO CULTURAL

- Fomentarse o asociacionismo cultural, nomeadamente aquel que centra o seu labor no propio país e no desenvolvemento da súa cultura.
- Procuraranse vías de colaboración coas entidades culturais que lles dean estabilidade e garantan o cumprimento dos seus obxectivos.
- Promoverse a participación social, nomeadamente a través do Consello Municipal de Cultura.

V.1.2. EQUIPAMENTOS

- Dotación de centros polivalentes para o desenvolvemento da actividade cultural (biblioteca, videoteca e fonoteca; casa da cultura, espazos de creación, de ensaio e exposición; museo, arquivo...)
- Estabelecemento de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades para utilizar as súas infraestruturas con fins culturais abertos ao conxunto da sociedade.

V.1.3. DINAMIZACIÓN CULTURAL

- Recuperación, estudo, posta en valor e difusión de todas as manifestacións da cultura popular (artesanía, folclore, música...), promovendo a creación de seminarios de estudos municipais ou comarcais, a realización de traballos de investigación, e a organización de mostras, circuítos intermunicipais, proxectos culturais supramunicipais, festivais, excursións.
- Impulso á creación de Escolas Municipais de Música. Promoción dos grupos locais, facilitando espazos e incentivando a creación musical.
- Impulso ás artes escénicas galegas e readaptación de espazos municipais para a súa representación. Fomento da realización de mostras e circuítos de teatro e danza.
- Apoio ao teatro amator.

- Fomento e divulgación da cultura audiovisual, especialmente o cinema galego e a produción audiovisual galega.
- Creación, ou de ser o caso, consolidación de bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galiza, que inclúan tamén as parroquias e os barrios.
- Apoio ao libro galego e ás publicacións periódicas en lingua galega, tamén a través de actividades de creación, difusión e fomento da literatura de noso.
- Apoio á creación e difusión da obra plástica dos artistas galegos, tanto desde unha perspectiva histórica como actual.

V.1.4. PATRIMONIO CULTURAL

- Acometerase a catalogación, inventario, estudo e coñecemento:
 - Do patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico e eco-xeográfico
 - Do patrimonio etnográfico para a recuperación de festas populares, oficios e técnicas de interese cultural
 - Da tradición oral para restaurar a memoria histórica da tradición de lendas e contos.
 - Das publicacións periódicas a través da creación de hemerotecas en vilas e cidades con tradición neste eido.
- Impulsarase unha política de recoñecemento e valorización dos bens de interese cultural:
 - Promoción da declaración de bens de interese cultural de bens móbeis, inmóbeis e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico.
 - Sinatura de convenios con particulares que teñan bens de interese histórico-artístico e/ou cultural para fomentar o seu uso público, total ou parcial.
 - Instalación de institucións e servizos públicos en edificios de valor histórico e cultural.

- Os conxuntos históricos e demais elementos declarados de interese cultural contarán cun plano especial que inclúa a protección e a rehabilitación do patrimonio construído, co obxectivo acrecentado de manter e recuperar poboación residente.
- Constitución de padroados para a defensa do patrimonio cultural cando as características históricas deste así o requiriren.
- Creación de museos locais ou comarcais, cando as coleccións existentes o requiriren, dotándoos de medios para o seu mantemento.

V.2. MEMORIA HISTÓRICA

O concepto de 'memoria histórica' ten para o BNG un sentido amplo que abrangue a recuperación, valorización e difusión da historia do noso país, con especial atención aos movementos sociais e políticos que contribuíron para conformar a nosa identidade e conciencia nacional. Cómpre, por tanto, apoiar desde os concellos todas aquelas actividades -ademais das referidas ao levantamento fascista do 36- que, particularmente no ámbito local, contribúan a deitar luz e a divulgar aspectos do noso devir histórico, cantas veces fundamentais para mellor recoñecérmonos como pobo.

Levaranse a termo as seguintes actuacións:

- Fomento da investigación da historia local como xeito de favorecer a conciencia nacional.
- Posta en valor do importante paso cara o autogoberno que significaba o Estatuto do 36 e do importantísimo papel xogado polo nacionalismo representado polo Partido Galeguista.
- Potenciar a celebración do Día da Galiza Mártir.
- Recoñecemento e homenaxe de todas as vítimas da represión e apoio ás iniciativas de exhumación.
- Eliminación dos nomes e da simboloxía vinculados ao levantamento militar e ao franquismo.

VI. OS CONCELLOS COMO PIAR DO BENESTAR

As políticas de benestar e de carácter social, públicas e de calidade, son un piar fundamental do noso proxecto de país e, por tanto, do noso proxecto para os concellos. Nun contexto de crise económica que afecta á maioría da poboación, é fundamental aumentar as partidas orzamentarias dos concellos destinadas a gasto social, particularmente no eido dos servizos sociais en liña co obxectivo de acadar arredor do sete por cento dos orzamentos como vén recollido na vixente Lei de servizos sociais, como xeito de paliar os efectos que está a causar no conxunto da sociedade, especialmente naquelas persoas que, ante unhas taxas de desemprego en constante aumento, son máis susceptíbeis de sufrir unha situación de exclusión social e pobreza.

O BNG impulsará desde o ámbito municipal políticas avanzadas e de calidade no benestar e nos servizos sociais, baixo os seguintes criterios básicos:

- Pular por unha extensión homoxénea, planificada e coherente, dos servizos sociais nos concellos, coa necesaria cooperación entre a Xunta e as entidades locais, polo que cómpre manter como fórmula válida de colaboración e integración no “Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”, ou no seu defecto, nun organismo de similar natureza, que conte coa participación dos polos concellos en condicións equitativas, non sometido ou tutelado desde a Xunta de Galiza.
- Políticas de benestar abertas á participación cidadá.
- Políticas integrais para a articulación comunitaria.
- Intervencións preventivas.
- Descentralización das accións: ámbito urbano e ámbitos rurais.
- Igualdade de oportunidades.
- Normalización e inserción social, económica e cultural.

VI. 1. ACTUACIÓNS SOCIAIS BÁSICAS

O BNG nos concellos creará, ou no seu caso reforzará, as seguintes actuacións e servizos de prestación obrigatoria nos concellos, de acordo coa Lei de Servizos Sociais de Galiza. Terán prioridade os seguintes obxectivos e actuacións:

VI.1.1.SERVIZO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO

- Informarase e asesorase dun xeito directo e personalizado á cidadanía sobre os dereitos e recursos sociais dispoñíbeis, así como canalizaranse as peticións cidadás cara aos servizos municipais de atención social específica.
- Pularase pola descentralización e achegamento aos cidadáns e ás cidadás, contando coas entidades veciñais e sociais existentes.

VI.1.2. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

- Cobertura absoluta a aquelas persoas que, valoradas como grandes dependentes, teñan entre as súas prestacións a axuda no fogar.
- Máxima extensión do servizo, asegurando o maior grao posíbel de cobertura a persoas susceptíbeis de melloraren a súa calidade de vida a través do desenvolvemento de prestacións domiciliarias.
- Estruturación do servizo para a atención e dotación doutras necesidades de relación coa comunidade: acompañamento a xestións, habilidades sociais, etc..
- Fomento da organización de usuarios e usuarias, en base a un programa de asistencia persoal.
- Implantación da teleasistencia domiciliar e a localización fóra do domicilio.
- Impulso dos servizos de canguros e de recollida e acompañamento á infancia ás actividades extraescolares.

VI.1.3. SERVIZO DE INSERCIÓN, CONVIVENCIA SOCIAL E ALOXAMENTO

- Darase resposta aos problemas concretos de marxinación e exclusión social, aplicando tanto proxectos de traballo social, personalizado ou de grupo, como prestacións económicas propias de emerxencia, para persoas en situación de desvantaxe social.
- Procurarase a dotación dun centro de emerxencia social cunha unidade de rúa en grandes concellos, destinados a proporcionar aloxamento temporal e traballo profesionalizado para a saída do proceso de exclusión.
- Artellaranse nos grandes concellos con problemáticas relevantes unidades de inclusión que disporán de asesoramento profesionalizado.
- Deseñaranse planos locais de inclusión social, onde se identifiquen os principais colectivos vulnerábeis da zona e se articulen políticas integradoras e transversais.
- Atenderase especificamente ás persoas perceptoras de RISGA e outros colectivos en exclusión para facilitarlles o desenvolvemento de proxectos individualizados de inserción útiles, que lles axuden a acadar formación básica e para o emprego, habilidades e competencias persoais e empregos dignos para melloraren a súa calidade de vida.
- Artellaranse fórmulas de establecemento de cláusulas sociais para favorecer a contratación de servizos municipais que integren a persoas en procesos de inclusión social.

VI. 2. PROGRAMAS SECTORIAIS ESPECÍFICOS

O BNG tamén promoverá nos concellos programas específicos, en colaboración con outras administracións competentes, entre os que destacan:

- Creación de servizos de información sobre a aplicación da lei de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.
- Implantación nos concellos da rede de coidados para a autonomía persoal.
- Colaboración municipal para a implantación do programa de servizo de transporte adaptado “065 social”.
- Achegar os servizos á cidadanía máis illada creando programas dirixidos ao medio rural: posibilidades de emprego á veciñanza para traballar coas persoas dependentes, transporte, comedor social ou xantar na casa, lavandaría, mantemento da horta...
- Estimular a formación en dependencia a profesionais de servizos sociais dos concellos a través de servizos de teleformación.
- Articularase un sistema municipal para a identificación continua das necesidades de servizos e a elaboración de actuacións concretas para resolver as mesmas.
- Impulsarase, en colaboración con outras administracións, a construción e dotación de centros de día, así como a axuda no fogar e as prestacións de apoio ás familias cuidadoras.
- Fomentaranse os programas de turismo termal e de coñecemento do país.
- Potenciaranse actividades que faciliten as relacións interxeracionais e impulsaranse actividades, nos centros sociais e de ensino, de recollida da memoria viva a través da historia oral dos traballos, festas, oficios, acontecementos políticos ou culturais, protagonizada por persoas maiores.
- Elaborarase e implantarase un plano municipal para identificar e atender as necesidades da poboación discapacitada, favorecendo o aproveitamento dos recursos asistenciais, o acceso á información, o movemento asociativo e o apoio interfamiliar.

- Integración de nenos e nenas con discapacidade en todas as actividades para infancia: campamentos urbanos, ludotecas, etc.
- Terase en conta nas empresas que concorran a equipamentos e servizos de financiamento público a presenza no seu cadro de persoal dunha porcentaxe de persoas discapacitadas.
- Posta en funcionamento dunha oficina municipal de migracións que proporcione información e facilite a inmigrantes e emigrantes retornados información sobre a a xestión de trámites e promova iniciativas dirixidas ao colectivo para a súa inserción social, laboral e cultural.
- Promoveranse campañas informativas entre as comunidades galegas da emigración para dar a coñecer os programas de axuda para o retorno.
- Impulso á creación de novas escolas infantís integradas na Rede Galega como servizo público de atención á infancia de idades comprendidas entre os 4 meses e os 3 anos.
- Deseñaranse programas de sensibilización social ante todas as situacións de indefensión da infancia: mendicidade, malos tratos ou abusos sexuais.
- Realizaranse campañas de información e sensibilización social, con participación do movemento asociativo, encamiñadas a mellorar a percepción social das persoas con problemas de adición e manter a solidariedade da sociedade fronte aos problemas causados pola adicción.
- Promoverase a integración na Rede de cidades saudábeis e desenvolveranse actividades de promoción da saúde que abarquen a problemática sociosanitaria actual (integración social, fracaso escolar, medio ambiente, estilos de vida, coidados de persoas discapacitadas, ...).
- Impulsarase a creación, como órganos de participación cidadá no ámbito da saúde, do Consello Municipal da Saúde, de xeito que se realice unha planificación das actividades coas organizacións sociais (asociacións de veciños, de enfermos, de consumidores, de nais e pais, de empresarios, sindicatos, ecoloxistas).

VII. ORDENACION TERRITORIAL

A falta de coordinación na práctica dos instrumentos de planificación territorial, urbanística e sectorial ten dificultado a constitución de soportes básicos para un desenvolvemento socio-económico sustentábel do país. Son palpábeis as eivas na utilización non racional do territorio, nas políticas de vivendas sociais, na protección do medio ambiente, na xestión e optimización dos recursos naturais propios ou nos índices de calidade de vida nos asentamentos de poboación.

O BNG defenderá a necesaria racionalidade no proceso de ordenación do territorio do país, que permita establecer un modelo territorial sustentábel que garanta o equilibrio territorial, o desenvolvemento urbanístico racional e a protección do ambiente e a paisaxe.

Así, tamén nas institucións municipais, a política do BNG tenderá a definir criterios de coordinación dos proxectos relacionados coa ordenación territorial cunha perspectiva de integración.

Neste momento no que por parte do Goberno galego sustentado polo PP se volta á política de “todo vale” na ordenación territorial, será compromiso do BNG unha xestión municipal que coute as agresións e poña en valor o noso medio natural, o sistema litoral, a rede hidrográfica, as zonas acaídas para o cultivo, as zonas de montaña, os bosques autóctonos e, en xeral, os sistemas produtivos propios.

VII.1. A PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA

O BNG promoverá a aprobación de planos xerais de ordenación municipal en todos os concellos. Tamén favorecerá e impulsará instrumentos de planeamento intermunicipal en ámbitos territoriais homoxéneos conectados ás determinacións de política sectorial.

O BNG desde os concellos será garantía dunha política urbanística concibida como un instrumento ao servizo do interese xeral e público e sometido na súa aplicación aos seguintes principios:

- Prevalencia do interese público sobre o interese particular e privado.
- Coherencia coas directrices nacionais de ordenación do territorio.
- Transparencia e participación.
- Sustentabilidade.
- Racionalidade.
- Equilibrio territorial.
- Equidade, con reparto equilibrado de cargas e beneficios.

O modelo urbanístico que o BNG aplicará nos concellos terá como obxectivos:

- A ordenación do territorio municipal.
- A planificación das infraestructuras básicas.
- A consecución de solo dotacional para equipamentos públicos.
- A consecución de espazos libres de uso público.
- A habilitación de solo para vivenda protexida e para usos industriais.
- A protección e recuperación dos valores ambientais e culturais.

VII.2. A VIVENDA COMO BEN SOCIAL

O BNG aplicará nos concellos unha política que conciba a vivenda como unha necesidade social básica e un ben de uso. As medidas para desenvolver serán:

- Elaborar, no marco do planeamento urbanístico, programas de vivenda a través de concertos coa administración galega: creación de solo reservado para vivenda protexida na porcentaxe establecida na lexislación, rehabilitación de vivenda, áreas de rehabilitación integral, renovación de espazos urbanos, recuperación de núcleos rurais, actuacións en materia de infravivenda.
- Facilitar información e asesoramento en relación coas liñas de apoio doutras administracións para a adquisición, aluguer, rehabilitación, construción e mellora de vivenda.
- Evitarase a monetarización da porcentaxe do aproveitamento lucrativo que lle corresponda á administración local, co fin de asegurara a efectiva construción de vivenda protexidas polos promotores privados para as persoas e colectivos desfavorecidos.

VIII. CONCELLOS POLA SUSTENTABILIDADE

O BNG aplicará nos concellos unha política medioambiental guiada por dous obxectivos: a preservación e protección do contorno e a súa posta en valor como esteo do desenvolvemento local e, en particular, rural.

O marco de actuación será a Axenda 21 Local, impulsando desde o BNG a súa implantación, onde se recollerán os obxectivos xerais deste programa -o desenvolvemento sustentábel e a participación cidadá- a través dos seus instrumentos -a auditoría ambiental e o plano de acción local-.

Ademais do exercicio efectivo das competencias municipais incluídas na lexislación en materia de protección medioambiental, o BNG impulsará actuacións de planificación urbanística e ordenación territorial encamiñadas a evitar ou eliminar situacións de contaminación ambiental (atmosférica, vertidos, acústica, electromagnética, lumínica), como a elaboración de planos de usos permitidos, incentivos para a relocalización de actividades industriais en espazos reservados para estas actividades ou a racionalización do transporte.

Así mesmo, o BNG deseñará actuacións en materia de educación ambiental, no seu caso en cooperación con outras administracións, a través de campañas de sensibilización e educación ambiental, aulas da natureza, centros de interpretación e similares.

VIII.1. ABASTECIMENTO DA AUGA

O BNG promoverá nos concellos a elaboración dun plano da auga (municipal e/ou comarcal, segundo os casos) que se ha guiar polos seguintes obxectivos:

- Diseñar e executar redes de abastecemento que xeneralicen a subministración regulada a poboacións.
- Garantir a saúde pública con tratamentos acaídos que aseguren a potabilidade e calidade da auga.
- Evitar o malbaratamento da auga, promovendo o seu aforro nos fogares e instalacións públicas mediante campañas de sensibilización e a modificación das ordenanzas fiscais para gravar o consumo real incentivando o aforro do recurso.
- Divulgar unha campaña de educación ambiental que conteña como mensaxe central o uso racional da auga e a prevención da contaminación, incorporándoa no sistema educativo, entidades non lucrativas e empresas.
- Promover un uso racional das augas co establecemento de medidas de aforro e racionalización dos recursos hídricos.

VIII.2. TRATAMENTO DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

- Promoveranse proxectos de ámbito municipal ou comarcal que teñan como obxectivo a redución, a reutilización e a reciclaxe ademais da compostaxe e autocompostaxe, pondo en marcha medidas para incentivar a redución na xeración dos residuos sólidos urbanos (RSU).
- Potenciarase a recollida selectiva mediante a separación da materia orgánica, promovendo a súa compostaxe, e doutros compoñentes de lixo, promovendo a súa reutilización e reciclaxe.
- Apoiarase a creación de industrias de reciclaxe e a optimización de recursos e o estudo de residuos para o deseño de novos xeitos de xestión da reciclaxe e compostaxe.
- Promoveranse métodos de recollida de materiais de reciclaxe activos, con incidencia especial no comercio e nos residuos especiais, na reutilización e reciclaxe de fármacos, así como na recollida de aceites domésticos.
- Difundiranse campañas de sensibilización social e de educación ambiental para a redución, reutilización e reciclaxe, con especial incidencia no control e difusión do volume, procesamento e destino dos materiais reciclados, así como na promoción da redución das embalaxes nos produtos de consumo final.
- Elaborarase, onde for necesario, un plano de selado e eliminación de vertedoiros, con aplicación de medidas de control e disciplina para evitar vertedoiros incontrolados.
- Impulsaranse proxectos de restauración ambiental e enriquecemento dos solos nos xardíns e montes en base á compostaxe.

VIII.3. TRATAMENTO DOS RESIDUOS LÍQUIDOS

É obxectivo do BNG o saneamento integral dos concellos, o que implicará a posta en marcha das seguintes medidas:

- Deseño e execución de redes de sumidoiros, con separación de augas pluviais e fecais.
- Disposición de medidas de recomendación construtiva de vivendas e urbanizacións para o aforro no uso das augas potábeis, reutilización das augas, permitindo a absorción hídrica natural dos solos e a redución das augas residuais.
- Creación de infraestruturas para o tratamento das augas residuais, tendo en conta no seu deseño o menor impacto ambiental posíbel e, alí onde for factíbel, procedementos de depuración de carácter extensivo (tratamento de lagoaxe, filtros verdes e zonas húmidas en xeral).
- Abordar, sempre que sexa viábel, tratamentos que tendan á reutilización da auga para usos produtivos.

VIII. 4. ENERXÍA

- Velarase, no que atinxe ao abastecemento, para que as empresas fornecedoras do servizo cumpran coas súas obrigas e garantan a subministración a toda a poboación.
- Regularanse e, no seu caso, xestionaranse medidas de supresión ou minoración dos impactos paisaxísticos e dos riscos para a saúde: trazados de liñas de alta tensión, localización dos centros de distribución, soterrado das liñas de media tensión en núcleos de poboación e de baixa tensión que afecten a conxuntos histórico-artísticos e monumentos.
- Promoveranse programas de aforro enerxético con planos de mellora da iluminación pública municipal.
- Estabeleceranse convenios para instalacións térmicas e fotovoltaicas nos edificios públicos municipais e para a creación dun servizo de transporte nas cidades por medio do alugueiro de bicicletas.
- Fomentaranse entre a poboación, sempre que sexa posíbel, as enerxías limpas e alternativas facilitando asesoramento técnico ou de xestión de subvencións.

VIII. 5. MELLORA DO MEDIO AMBIENTE URBANO E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS

- Facilitar a mobilidade peonil, ampliando os seus espazos de uso, fronte á motorizada.
- Potenciar o transporte colectivo e o uso da bicicleta mediante o deseño de redes e outras medidas de promoción. Especialmente, fomentarse en colaboración coas administracións responsábeis, plans de ferrocarrís de proximidade en áreas urbanas e metropolitanas, fronte a alternativas privadas máis caras e contaminantes.
- Favorecer e facilitar a intermodalidade dos transportes
- Incrementar, protexer e coidar espazos de uso público que sirvan como lugares de convivencia e lecer (prazas, parques, xardíns, zonas peonís...). En colaboración coas administracións responsábeis, procurarse especialmente os uso público efectivo dos terreos situados no espazo público litoral.
- Elaborar planos para a rexeneración integral de zonas urbanas e periurbanas singularmente degradadas.
- Deseñar planos de mellora das infraestruturas e do medio nas zonas máis afectadas polo medre da “urbanización”, a fin de evitar a desintegración dos núcleos de poboación tradicionais e ordenar acadamente os novos núcleos.
- Elaborar e executar dun Plan de protección do patrimonio medioambiental que incluírá medidas para o seu inventariado, a súa preservación e vixilancia e de restauración e posta en valor ambiental, social e económico.

VIII. 6. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE LUMES

- Estabelecemento, esixindo a colaboración necesaria da Xunta de Galiza, de “faixas de protección” dos núcleos de poboación, así como a difusión entre a poboación da Lei de prevención de incendios forestais e demais normativa de desenvolvemento.
- Colaboración e apoio ás iniciativas das comunidades de montes veciñais en man común dirixidas á ordenación do monte e á prevención dos lumes forestais.
- Cooperación con todos os axentes sociais e institucionais implicados na loita contra o lume nos labores de vixilancia do monte
- Promoción da diversificación, recuperación do bosque e corredores verdes que contribúan á valorización do monte, incrementando o labor silvopastoril como método de control da vexetación.

VIII.7. POTENCIACIÓN, MANTEMENTO E CREACIÓN DE ROTEIROS ECOLÓXICOS-CULTURAI SUPRAMUNICIPAI.

- Catalogación de roteiros, establecemento e deseño de percorridos, tanto terrestres como marítimos.
- Fomento da conservación dos camiños antigos.
- Integración dos recursos existentes no deseño e posta en marcha de roteiros (cabalos, bicicletas, embarcacións tradicionais).
- Optimización dos recursos culturais e ambientais existentes: puntos de información, instalacións museísticas, xacementos, lugares de interese paisaxístico ou ambiental. Incorporación do labor de voluntariado ás actividades do patrimonio cultural e ambiental.
- Actualización do inventario do patrimonio natural, apoiando a cultura tradicional.

IX. CONCELLOS TRABALLANDO POLA IGUALDADE

A plena realización do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é un obxectivo estratéxico do BNG nos concellos, que terá a súa tradución no desenvolvemento de políticas transversais dirixidas especialmente a atinxir ese obxectivo.

O BNG promoverá a creación de concellarías de Igualdade, como órganos encargados de planificar e coordinar as políticas municipais en materia de xénero. Así mesmo, impulsará a elaboración, ou no seu caso avaliación e anovamento, de Planos de Igualdade, coa participación das mulleres de cada concello e implicará na súa elaboración e execución a todas as áreas municipais.

Entre as actuacións estruturais, adoptará:

- Impulso ao asociacionismo de mulleres, dinamizando desde os concellos a rede de asociacións de mulleres, promovendo a creación de novas asociacións, así como a constitución de áreas específicas de muller ou igualdade nos colectivos sociais xa existentes.
- Elaboración dun plano de corresponsabilidade para o municipio que comprometa a administración e as empresas. Para elaboralo crearanse grupos municipais ou comarcais de conciliación formados por administración, tecido asociativo e empresarial que estuden as necesidades do territorio no ámbito da conciliación e establezan as prioridades de infraestruturas servizos e programas do plano.
- Compromiso a elaborar de xeito progresivo orzamentos sensíbeis ao xénero, medindo, sempre que sexa posíbel, o impacto das

políticas municipais na perspectiva de xénero, mediante a desagregación dos datos por sexo.

- Compromiso activo na prevención e no tratamento da violencia de xénero. Para este fin poranse en marcha, conxuntamente con outras administracións, medidas de concienciación social e de formación para profesionais dos servizos sociais, sanitarios e corpos e forzas de seguraza. Así mesmo, artellaranse todos os mecanismos necesarios para unha atención integral –psicolóxica, xurídica, económica e laboral- de todas aquelas mulleres que sufran violencia de xénero, e estableceranse protocolos de atención dos diversos servizos municipais relacionados coas mulleres que sofren violencia de xénero (sanitarios, educativos, policiais, informativos) para garantir unha acción rápida e segura para as mulleres e que evite a dupla vitimización.

Do punto de vista sectorial, afrontaranse as seguintes accións:

- Reforzar as medidas desde as áreas de traballo e economía para favorecer a inserción laboral das mulleres, elaborando planos de formación e capacitación de mulleres, apoiando ás mulleres emprendedoras e a constitución de cooperativas de mulleres.
- Fomentaranse iniciativas e campañas de coeducación para o ensino e para unha educación non sexista.
- Estabeleceranse axudas á conciliación naquelas accións formativas para persoas adultas que realice o concello que eviten eliminar a persoas con cargas familiares (canguros, atención a domicilio de dependentes).
- Promoveranse obradoiros de ‘bos tratos’ e de ‘corresponsabilidade doméstica’ como actividades extraescolares en colaboración con ANPAS e centros escolares.
- Impulsarase a participación da muller na práctica deportiva a todos os niveis, promovendo a igualdade de xénero no deporte, e apoiando tanto a participación da muller no deporte como o deporte

- feminino, na procura da igualdade entre homes e mulleres o deporte feminino e de evitar calquera tipo de discriminación.
- Fomentaranse aquelas actividades en que as mulleres sexan suxeitas activas creadoras de cultura.
 - Garantirase nos concellos a visibilización das mulleres do propio concello propiciando investigacións e estudos sobre as mulleres do municipio ao longo da historia, como recoñecemento do valor do traballo feminino, adoptando medidas divulgativas e promovendo a presenza das mulleres nos espazos públicos: nomes de rúas, prazas, instalacións públicas.
 - Promoveranse programas de saúde elaborados e desenvolvidos desde a perspectiva de xénero, en colaboración cos centros de saúde do concello.

X. A MOCIDADE NO CENTRO DAS POLÍTICAS MUNICIPAIS

As competencias que ostentan os concellos nas políticas dirixidas á mocidade son concorrentes coas da Xunta e Galiza. No contexto político actual, a asunción polo PP do Goberno galego supuxo non só a paralización de iniciativas transformadoras dirixidas á mocidade que foran postas en marcha polo nacionalismo en colaboración cos concellos galegos, senón mesmo a introdución de recortes que implican limitacións económicas para seguir implementando políticas xuvenís por parte dos concellos.

A mocidade é un dos colectivos máis afectados pola crise económica, que se traduce nunha alta taxa de desemprego. Por iso, será tarefa prioritaria nos concellos onde o BNG ostente responsabilidades de goberno colaborar dun xeito activo cos Servizos Públicos de Emprego a fin de centralizar a información respecto das ofertas de emprego da comarca e ter activada unha bolsa de emprego, á que calquera moza ou mozo poida acceder, así como facilitar cursos e axuda a mozas e mozos desempregados a través de programas de busca de emprego ou autoemprego. Do mesmo xeito, tamén se colaborara activamente na organización de cursos de formación profesional, apoio e tramitación de iniciativas empresariais e proxectos que xeren emprego xuvenil.

O BNG centrará, xa que logo, a súa actuación na aposta por mellorar a situación laboral da xente nova e en ofrecer servizos de calidade para o conxunto da mocidade galega, guiándose polos seguintes criterios:

- A participación da mocidade no deseño das políticas que lle afecten.
- O potenciamento da súa autoorganización.
- Unha concepción integral da política xuvenil, que abranca todas as áreas sectoriais con incidencia na mocidade.

A concellaría de mocidade deberá impulsar un plan integral da mocidade que, desde unha óptica transversal e mediante o diálogo co asociacionismo xuvenil, estableza diagnoses e medidas de actuación nos diferentes ámbitos sectoriais.

Así mesmo impulsaremos nos concellos galegos de máis de 50.000 habitantes, e naqueles que o precisaren, os Consellos Municipais de Mocidade, que terán carácter consultivo e asesor e dos que participará o tecido asociativo do concello.

X.1. EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS PARA A MOCIDADE

O BNG habilitará en cada concello un espazo de encontro da mocidade e do asociacionismo xuvenil dotándoo de medios e contidos. Ademais:

- Impulsaranse, nas grandes vilas e cidades, casas da mocidade ou, cando non sexa posíbel, concertarase o uso por parte da mocidade de centros cívicos polivalentes, como espazos de promoción do asociacionismo, de encontro e información e de realización de actividades e iniciativas da mocidade.

- Apoiaranse e impulsaranse as novas formacións musicais e a planificación de actividades alí onde existan locais de ensaio para que a música feita por grupos locais teña proxección e visibilidade, dándolle especial preferencia cara a inserción na actividade cultural municipal. Así mesmo, procurarase habilitar locais de ensaio municipal.

X. 2. CULTURA E LECER PARA A MOCIDADE

- Promoverase a diversificación das actividades de lecer, a través do coñecemento do patrimonio ecoxeográfico e histórico-artístico do país, achegamento das diferentes expresións artísticas e culturais á mocidade.
- Fomentarase a búsqueda de solucións dialogadas entre os sectores afectados por fenómenos como o botellón e demais problemas relacionados co ocio xuvenil, de maneira que se concilie o dereito ao lecer e o dereito ao descanso das veciñas e veciños, evitando a criminalización da mocidade e valorando a posibilidade de habilitar espazos para a realización destas actividades.
- Apoiaranse e promoveranse as manifestacións artísticas de mozos e mozas do concello e a creación de canles que faciliten o intercambio de ideas e experiencias e a difusión das diferentes creacións xuvenís.

X.3. VIVENDA PARA A MOCIDADE

- Reservarase en cada concello vivenda de protección pública para os menores de 30 anos.
- Facilitarase información e asesoramento sobre acceso a vivendas de promoción pública ou protexidas e sobre as políticas doutras administracións de apoio á merca ou aluguer de vivendas.

X.4. EDUCACIÓN E SEXUALIDADE

- Aposta polo establecemento de lugares específicos nas instalacións xuvenís a nivel municipal para o asesoramento afectivo-sexual da mocidade.
- Realización de campañas de prevención específicas, en particular, sobre as enfermidades de transmisión sexual, contra a bulimia e a anorexia.
- Elaboración dun Plano municipal integral de prevención da drogadicción, tendo en conta a información sobre as consecuencias da drogadicción, e as políticas de actuación en ámbitos diversos (cultural, laboral, tempo libre) coa finalidade de xerar un novo contexto que non favoreza o consumo de drogas.

X.5. TRANSPORTE

- Xeneralización do bono-bus nos concellos onde haxa transporte urbano, con especial atención aos/ás mozos/as estudantes e desempregados.
- Reclamar da Xunta de Galiza o impulso á creación e mantemento de liñas de autobuses nocturnas subvencionadas de carácter local ou comarcal, encamiñadas a facilitar a mobilidade da mocidade ás zonas de lecer e que contribúen á redución da sinistralidade nas estradas.
- Promoción do transporte saudábel, nomeadamente da bicicleta, creando carrís e aparcadoiros para este vehículo en puntos de interese xuvenil.

XI. DEPORTE PARA TODAS E TODOS DESDE OS CONCELLOS

A práctica da actividade física e do deporte é benestar para as persoas e, desde esta concepción, o deporte debe estar dirixido a todas e todos independentemente da idade, xénero, discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

As liñas de acción política dos gobernos locais do BNG para este ámbito estarán orientadas a:

-Garantir a posibilidade de acceso á actividade físico-deportiva para todos os cidadáns e cidadás que o demandaren, e coa adecuada supervisión técnica. Especificamente, procurarse a creación de unidades de prescrición e asesoramento deportivo dirixido á totalidade da poboación.

-Promocionar, completar e coordinar o tecido asociativo deportivo.

-Prestar unha especial atención ao deporte escolar e de base, a través da optimización das infraestruturas existentes.

-Considerar o deporte de competición no sentido amplo e non só dos deportes masivos e enténdelo como un estímulo e complemento da práctica da actividade físico-deportiva.

-Impulsar a creación de escolas deportivas, así como a ampliación e diversificación da oferta existente de actividade físico-deportiva para todas as idades.

-Dar pulo ás actividades físico-deportivas populares e masivas ao aire libre, a través da elaboración de proxectos deportivos para toda a poboación e da utilización das cidades como espazos onde a práctica do deporte poida ser un feito cotiá a través de roteiros deportivos urbanos.

-Pular por dar visibilidade aos deportes "minoritarios", poñéndoos en valor e chamando a atención sobre as súas potencialidades.

XI.1. INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS

-Realizarase un censo das instalacións deportivas públicas, municipais ou comarcais, para optimizar o seu uso, promovendo cando sexa posible a optimización das instalacións a nivel mancomunado entre diferentes concellos.

-Habilitarse para a práctica deportiva espazos naturais, rurais e urbanos, respectuosos co medio ambiente, no que atinxe a aquelas actividades integradas no medio.

-Impulsarase a optimización das infraestruturas dos centros educativos para a súa utilización fora do horario lectivo, en colaboración coa administración educativa e co tecido asociativo deportivo.

-Procurase o uso social e masivo das mesmas nas instalacións deportivas novas ou anovadas.

-Prestarase especial atención ás necesidades de acceso e uso sen barreiras nas instalacións deportivas.

XI.2. ACTUACIÓNS SECTORIAIS DE POLÍTICA DEPORTIVA MUNICIPAL

XI.2.1. DEPORTE ESCOLAR

O BNG articulará unha política que considera a escola como primeiro núcleo, básico, para achegar os nenos e as nenas á actividade físico-deportiva. Así, cómpre introducir á infancia ao deporte como xogo e xeito de relación social, non como pura competición. Con tal finalidade, propiciará, no ámbito municipal ou comarcal:

- Campañas de animación ao deporte nas escolas.
- Xornadas de práctica deportiva para tomar contacto cos distintos deportes.
- Fomento da participación dos centros de ensino nas distintas modalidades deportivas.

XI.2.2. DEPORTE DE BASE

-Na política de axudas primarase o modelo educativo-deportivo (diversificación deportiva, normalización lingüística, superación da discriminación de sexo) e o traballo máis que os resultados.

-Facilitarase a utilización das instalacións deportivas municipais e o asesoramento necesario para a formación de monitores/as, persoal directivo, árbitros/as.

-Potenciaranse asociacións de clubs de base, de ámbito municipal ou comarcal.

-Fomentarase as Escolas Deportivas municipais ou comarcais, coorganizadas cos clubs ou asociacións deportivas.

XI.2.3. DEPORTE FEDERADO

-Solicitarase das administracións supramunicipais, en colaboración directa coas respectivas federacións, a adecuada dotación e mantemento das infraestruturas deportivas de propiedade municipal utilizadas polo deporte federado non de elite.

-Estabeleceranse convenios de colaboración cos clubs federados orientados á dinamización social e á súa implicación na política deportiva municipal.

-Asinaranse, no seu caso, cos clubs de elite, convenios para a promoción do deporte entre a poboación escolar, por medio de visitas a centros educativos, charlas, xornadas,, ou de facilitar o acceso ás competicións deportivas.

XI.2.4. DEPORTE RECREATIVO

-Promoverase o deporte recreativo, como factor de lecer, para mellorar o estado físico, organizando competicións de carácter popular ou xornadas de deporte na rúa.

-Elaboraranse diversas actividades deportivas no medio natural: programas de camiñada, circuítos populares, roteiros.

-Potenciarase o achegamento dos/as cidadáns/as ás instalacións deportivas e aos eventos deportivos cunha política de prezos axeitada.

-Impulsaranse campañas de sensibilización sobre os aspectos positivos da práctica do deporte.

-Potenciaranse os deportes autóctonos e os xogos populares.

XI.2.5. DEPORTE E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

-Atender as necesidades específicas mediante o achegamento a estes colectivos de programas de actividade física e deportiva, entendidos estes como ferramentas para a mellora, en colaboración con outras administracións ou entidades implicadas.

-Atender as necesidades e demandas, en materia de deporte, de todos e todas as deportistas con discapacidade que precisen da intervención e colaboración da administración para desenvolver a súa vida deportivo-competitiva.

-Promover a súa integración social e laboral a través da actividade física e do deporte.

-Facilitar o acceso das persoas con discapacidade aos recintos deportivos, a través da adaptación dos mesmos para seu uso por persoas con discapacidade.

XI.2.6. DEPORTE PARA AS PERSOAS MAIORES

-Atender as necesidades concretas mediante o achegamento a estes colectivos de programas de actividade física e deportiva, entendidos estes como ferramentas para a mellora, en colaboración con outras administracións ou entidades implicadas.

-Achegar a actividade físico deportiva, como servizo público de benestar ás persoas maiores.

-Promover programas de deporte específicos para maiores.

XI.2.7. DEPORTE TRADICIONAL

-Promocionar o deporte tradicional a nivel local e comarcal, a través da creación de ligas locais e da potenciación do deporte tradicional.

-Achegar estas modalidades deportivas á xente coma expresión da nosa cultura deportiva.

-Promover a nivel local e comarcal a infraestrutura acaída para a práctica das modalidades deportivas tradicionais.

XI.2.8. EVENTOS DEPORTIVOS

-Promoverase e facilitarase a asistencia aos partidos das seleccións nacionais nos deportes en que participen.

-Ofertaranse, de ser o caso, aqueles eventos relacionados cos deportes autóctonos, cos de maior tradición na comarca ou concello ou cos de importancia significativa polo número de practicantes.

-Promoveranse os eventos deportivos, como xeradores de movemento económico e potenciadores da actividade turística.

-Promoveranse políticas de intercambio e colaboración deportiva cos concellos do Norte de Portugal.